

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28/05/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.**
- 3º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **28/05/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 16 de Abril de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e

demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística:

A MERCEDES HERMOSINDA ESTÉVEZ TRABA, veciña de Fisterra para proceder a realización de obras consistentes na Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa e conexión coa rede de saneamento e abastecemento de auga (Referencia Catastral 15038A502004420000DJ), debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico de data Abril de 2020, redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés** que consta no expediente ; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- Co fin de garantir a realización da urbanización **será necesario a presentación dun Aval Bancario ou calquera outro previsto na normativa legal en favor do Concello polo importe do coste de urbanización que en aplicación da Ordenanza reguladora e tendo en conta o prezo establecido en bases da construción axustados ao mercado ascende a Cincocentos euros (500,00 €)**

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de **DOUS MIL NOVECIENTOS VINTE E TRES EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (2.923,80 €)** en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Dito acordo adóptase sen a presenza do Sr. Alcalde polo parentesco que lle une coa promotora.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de BEATRIZ ESTÉVEZ LÓPEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 572 de 18/05/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada en cor branco dunha edificación (Referencia Catastral 8523613MH7582S0001AQ)

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Maio de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SILVIA CANOSA LOUZÁN, veciña de Fisterra para proceder á realización de obras consistentes na colocación de dúas columnas e cuberta de chapa vermella para construción de alpendre nunhas dimensións 5 x por 6 metros a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 15038A502003170000DU) .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Abril de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de EUGENIO CANOSA SENLLE, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.187 de 26/08/2020) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun peche perimetral dunha finca con arame e postes de formigón e pola entrada frontal de pedra de mampostería de 1,5 metros de alto (Referencia Catastral 15038A502006340000DE).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Maio de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; condicionada a que:**

1.- Deberá axustarse ás condicións xerais e particulares indicadas na Resolución de Augas de Galicia).

2.- Que antes do inicio das obras solicitárase polo interesado na área de urbanismo do Concello, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **LOS TIEMPOS ESTÁN CAMBIANDO, S.L.**, con CIF B27793256 e domicilio social na Rúa Velazquez Moreno, 38 de Vigo, **para proceder á realización de obras consistentes na limpeza e reposición da tella deteriorada existente na cuberta dunha edificación sita na Rúa Alcalde Fernández, 66 da Vila de Fisterra (Referencia Catastral 8504418MH7580S0007SL) .-**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Maio de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte do **BANCO SANTANDER, S.A.**, con NIF A39000013 e domicilio social en Meicende - Arteixo, **para proceder á realización de obras consistentes nas reparacións por filtracións de auga, na planta baixa dunha edificación existente na Praza da Constitución da Vila de Fisterra (Referencia Catastral**

8706801MH7580N0001TT), mediante ocupación da via pública con colector de obra .-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 29 de Abril de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARCOS TRABA TRABA**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 776 de 25/05/2020) para proceder á realización de obras consistentes no pintado da fachada en cor branco e colocación de pedra ó redor das fiestras e balcón dunha vivenda (Referencia Catastral 8404206MH7580S0001JD).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Maio de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **ADRIAN LÓPEZ DÍAZ**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada Telemática 205 de 7/08/2020) para proceder á realización de obras consistentes na conservación e mantemento da cuberta e fachadas dun almacén (Referencia Catastral 001303100MH75D0001LQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Maio de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade

co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a Rede de Baixa Tensión (RBT) mediante canalización subterránea de 24 metros co motivo de dar subministro a una vivienda unifamiliar emprazada entre as localidades de Padrís e O Sixto, Polígono 6 Parcela 511 (Referencia Catastral UD218419110127), debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Pablo López Alonso, que consta no expediente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Maio de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das corporacións locais; condicionada a:

-- Deberá informarse ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados que serán descargados en vertedoiro autorizado.

-- Unha vez rematadas as obras, repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais para o cal presentárase en concepto de garantía provisional a favor do Concello de Fisterra, a cantidade de Mil euros (1.000,00 €) en metálico ou aval bancario bancario, garantizando así a reposición da urbanización afectada. .

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-- Oito euros con dous céntimos (8,02 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Cincuenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (58,82 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 29 de Abril de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a VANESA DOMÍNGUEZ CAAMAÑO, veciña de Fisterra LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA con Licenza Urbanística concedida por esta Comisión en sesión do día 22/11/2018, (Parcela con Referencia Catastral 15038A502011320000DH)

en base ó Proxecto de Execución e Modificados redactados polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés visado con data 2 de Agosto de 2019 que constan no expediente.-

C) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 12 de Maio de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a IGNACIO JOSÉ BARREIRO BELLO, veciño de Fisterra LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA de PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, con Licenza Urbanística concedida por esta Comisión en sesión do día 15/10/2014, (Parcelas de Referencias Catastrais 15038A031002890000FE e 15038A031002900000FI) en base ó Proxecto de Execución redactado polo Arquitecto Carlos Romero Laje que consta no expediente.-

3º) ASUNTOS VARIOS.

RESERVA DE VIA PUBLICA

Vista a solicitude presentada co número 2879 (RE) de 12/11/2019 por parte de **DISTRIBUCIONES FROIZ S,A.**, con CIF A-36.036.739 na que solicita o pintado coa liña amarela pola fachada da rúa Manuel Lago Pais e na do Paseo da Ribeira así como a reserva de carga e descarga.

Visto o Informe emitido o día 4 de Decembro de 20129 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación, do que se desprende o carácter favorable para o pintado da liña amarela solicitado e DESFAVORABLEMENTE a creación da reserva de carga e descarga.

Unha vez examinado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) DENEGAR a DISTRIBUCIONES FROIZ S.A., a LICENZA solicitada para creación da reserva de carga e descarga, toda vez que a rúa na zona que ocupa a fachada do supermercado FROIZ é una rúa de dobre dirección, ten un ancho inferior a 9 metros na zona de carga e descarga solicitada (no punto da fachada mais restritivo solicitado 5,64 m) polo que en aplicación dos anchos esixidos pola ordenanza, normativa de accesibilidade de aplicación e o ancho requirido para as prazas esixido polo Regulamento da Lei do Solo, non admite a posibilidade de creación e o ancho existente non permite o estacionamento de vehículos

2º) CONCEDER a DISTRIBUCIONES FROIZ S.A., LICENZA para creación dunha reserva de via pública coa finalidade de carga e descarga mediante o pintado dunha Liña amarela na rúa correspondente a zona no que toca co pintado de dita línea na fachada da rúa Manuel Lago Pais.-

3) Notificar dito acordo á Promotora cos recursos legalmente establecidos, facéndolle saber que o pintado da Liña efectuarase pola Brigada Municipal de Obras.-

VADO PERMANENTE

A) Vista a petición formulada co número 2019/000/00001916 do 24/07/2019, por parte de Ramón Vaamonde Castro, veciño de Fisterra na que solicita a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos dun Inmable nunha lonxitude de tres metros lineais para unha superficie interior de 21 a 60 m2.

Visto o Informe emitido o día 6 de Agosto de 2019 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación, do que se desprende o carácter favorable deste o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado por RAMÓN VAAMONDE CASTRO concedéndolle licenza para a instalación do vado permanente número 1/2020 (chapa número 139) de tres metros lineais para una superficie interior de 21 a 60 metros cadrados para dita finalidade na citada rúa, condicionada a que :

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada; para a execución de tales obras, así como , para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condición que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que e aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ano 2019 cunha cota anual de corenta e nove euros (49,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

B) Vista a petición formulada pola parte de **MERCEDES MOUZO BAÑA**, co número **2020/900/0000067** de **5/3/2020** quen como **Administradora da Comunidade de Propietarios "EDIFICIO PEPE DE MARIA "**, con CIF: H70.352.695 e domicilio

social na Avenida da Anchoa 65 e da **Comunidade de Propietarios “EDIFICIO PRADO VELLO”**, con CIF: H-70.284.062 e domicilio social na Avenida da Anchoa, 67 – 69 do Termo Municipal de FISTERRA, **na que solicita a instalación dun VADO PERMANENTE para a entrada e saída de vehículos** do garaxe destes Inmobles nunha lonxitude de Cinco metros lineais (5) para unha superficie interior de 501 m² en diante.

Visto o Informe emitido o día 8 de Abril de 2020 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación, do que se desprende **o carácter favorable** deste o punto de vista urbanístico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola Comunidade de Propietarios “EDIFICIO PEPE DE MARIA” e pola Comunidade de propietarios -EDIFICIO PRADO VELLO” e conceder licenza para a instalación do vado permanente número 2/2020 (chapa número 140) de 5 metros lineais, para una superficie interior de **MAIS DE 501 metros cadrados coa finalidade de facilitar a entrada e saída da propiedade da Avenida da Anchoa, 65 deste termo municipal, condicionada a que :**

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como , para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc.) de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condición que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que e aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condición e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para a aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ano 2020 cunha cota anual de cento setenta e seis euros (176,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa da vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.

OCUPACION VIA PUBLICA

Visto o expediente iniciado por **ETEL & PAN, S.C.**, con CIF: J-70.452.842 e domicilio social na Praza da Constitución, 10 desta vila **co número 2020/000/00000544 de 5/3/2020**, sobre solicitude de Autorización para a ocupación de vía pública nunha Superficie de 20 m2 con mesas e cadeiras na Praza da Constitución desta vila coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CEFÉ BAR que rexenta nesa zona durante a tempada de 2020.

RESULTANDO: Que mediante escrito rexistrado co número 2020/000/00000761 de 20/05/2020, ETEL & PAN, S.C., solicita a ampliación da ocupación da vía pública a 40 m2 con motivo da alerta sanitaria causada polo COVID19, coa finalidade de implementar as medidas de distancia social en establecementos de hostalería.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecemento hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/6/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

RESULTANDO: Que segundo se desprende da documentación presentada, preténdese instalar 6 mesas e 20 cadeiras e 1 boci que ocuparían un espazo de 40 m2. Como proteccións laterais colocaranse uns postes de madeira ancorados ao pavimento, unidos por unha corda de nilon de 20 mm. As mesas e cadeiras son de madeira de acacia tintadas en marrón grisáceo.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 22/05/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas por cada 4 m2 (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 20 persoas ao que se adapta o solicitado e por mor das restricións derivadas da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado por ETEL & PAN, S.L., e autorizar a ocupación de 40 m2 da vía pública na Praza da Constitución, con 6 mesas, 20 cadeiras e 1 boci coas proteccións laterais con postes de madeira ancorados ao pavimento unidos por unha corda de nilon, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2020 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

A) Visto o expediente iniciado co número 330 (RE) de 7/2/2020 por MANUEL ANDRADE LÓPEZ, no que presentan a comunicación previa do inicio da actividade de café bar que se localiza no baixo da edificación da rúa Coruña, 20 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 18/03/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado por Manuel Andrade López, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de café bar, que se localiza no baixo da edificación da rúa Coruña, 20 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.-

B) Visto o expediente iniciado co número 2020/000/00000474 (RE) de 27/2/2020 por VICTORIA CLAUDIA CIURE, no que presentan a comunicación previa do inicio da actividade de comercio menor de artigos de menaxe, regalo e reclamo (souvenirs), así como de fotografía, que se localiza no baixo da edificación da Praza da Constitución, 1 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 22/05/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística neste concello, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada na comunicación previa de inicio de actividade.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado por VICTORIA CLAUDIA CIURE, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa de inicio de actividade de café bar, que se localiza no baixo da edificación da Praza da Constitución, 1 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos legalmente establecidos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:30 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.